

BOLSA PARA ESTADÍA NO COLEXIO MAIOR UNIVERSITARIO SAN AGUSTÍN

CURSO 2025/2026
BASES DA CONVOCATORIA



COLEGIO MAYOR UNIVERSITARIO
San Agustín



VERSIÓN 2

do documento *Bolsa para estadía no Colexio Maior Universitario San Agustín. Bases da convocatoria.*

Data de publicación: 09/06/2025

Motivo da edición: ampliación do prazo de solicitude ao 22/06/2025

VERSIÓN 1

Data de publicación: 28/05/2025



1. INTRODUCCIÓN

O **Colexio Maior San Agustín**, fundado en 1964 pola Compañía de Xesús e adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, é unha institución educativa que forma parte de UNIJES (Universidades Xesuítas) e que te un dobre obxectivo: por unha parte, proporcionar un entorno de crecemento persoal e académico para o alumnado e, por outra, formar a unha cidadanía comprometida, crítica e consciente da realidade e do mundo dende a liberdade e a responsabilidade.

O Colexio Maior eríxese como unha alternativa residencial que proporciona, ademais dunha estancia e instalacións apropiadas para o estudo, unha filosofía que promove os valores de responsabilidade, respecto, igualdade e solidariedade que permiten o desenvolvemento de competencias persoais, así como unha vida universitaria máis intensa e enriquecedora.

O **CMU San Agustín colabora con Dano Cerebral Galicia**, entidade sen ánimo de lucro que loita pola mellora da calidade de vida das persoas e familias con dano cerebral adquirido, así como pola defensa dos seus dereitos, co obxectivo de reducir as dificultades que presentan as familias nas que aparece o dano cerebral adquirido entre algún dos seus membros.

Así, e co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades entre o alumnado universitario, o **Colexio Maior San Agustín convoca, en colaboración con Dano Cerebral Galicia, unha bolsa dirixida a estudantado con dano cerebral ou familiar dunha persoa con dano cerebral adquirido** que inclúe, ademais da estancia no colexio maior, un programa formativo deseñado para complementar a carreira universitaria e desenvolver habilidades transversais para o futuro da persoa. Trátase dunha experiencia completa onde se traballan áreas como o coñecemento persoal, hábitos de vida saudables, pensamento crítico, cultura e desenvolvemento profesional.



2. CONDICIÓN

O Colexio Maior San Agustín, en colaboración con Danos Cerebrais Galicia, convoca unha bolsa para estudantes de novo ingreso nunha titulación oficial de grao na Universidade de Santiago de Compostela (excluído o campus de Lugo).

A bolsa cubrirá parcialmente a estancia e manutención no Colexio Maior San Agustín dun/ha alumno/a de novo ingreso durante o curso 2025/2026.

3. REQUISITOS DE SOLICITUDE DA BOLSA

O Colexio Maior convoca unha bolsa para o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- **Alumnado de novo ingreso que solicite admisión no 1º curso dun grao universitario oficial da Universidade de Santiago de Compostela** cunha matriculación a tempo completo.
- **Ter danos cerebrais adquiridos** ou ser **familiar**, ata segundo grao de consanguinidade, sempre que esta resida no domicilio familiar, **dunha persoa con danos cerebrais adquiridos** socia dalgunha das entidades federadas de Danos Cerebrais Galicia, a saber: Alento Vigo, Danos Cerebrais A Coruña ADACECO, Danos Cerebrais Lugo, Danos Cerebrais Santiago de Compostela ou DCA Ourense.
- Ter **solicitada a bolsa xeral do Ministerio** de Educación, Formación Profesional e Deportes para o curso 2025/2026.
- **Solicitar**, de xeito paralelo á solicitude da presente bolsa, **admisión no Colexio Maior San Agustín**, segundo o procedemento establecido.



4. DOTACIÓN DA BOLSA

A bolsa cubrirá, de xeito parcial, a estadía durante o curso escolar 2025/2026 no Colexio Maior San Agustín, do seguinte xeito:

- A persoa bolseira ingresará a parte da bolsa concedida polo Ministerio, con excepción da matrícula, en concepto de copagamento, ata cubrir o 50% da mensualidade do Colexio Maior San Agustín (535€/mes).
- No caso de que a bolsa concedida polo Ministerio de Educación e Formación Profesional non cubra o 50% da mensualidade do Colexio Maior, deberá aboarse a cantidade faltante até chegar a esa porcentaxe.
- De non ser concedida a bolsa do Ministerio, deberanse aboar 535€ mensuais, correspondentes ao 50% da cota.
- O Colexio Maior San Agustín asumirá o resto do custo mensual da praza.

A estadía no Colexio Maior San Agustín inclúe:

- Estancia completa no Colexio Maior San Agustín durante o curso 2025/2026 durante os meses de setembro de 2025 ata xuño de 2026, segundo o calendario oficial da Universidade.
- Pensión completa: almorzo, xantar e cea.
- Programa de seguimento, orientación e acollemento no colexio.
- Acceso ao programa formativo do Colexio Maior San Agustín, en igualdade de condicións co resto do alumnado*.

*Establécese un custo simbólico de matrícula para acceder ao programa formativo que deberá aboar o/a alumno/a.

5. SOLICITUDE



Para solicitar a presente bolsa deberanse seguir os seguintes pasos:

1

Realizar a **solicitud de admisión no Colexio Maior San Agustín** a través do seguinte enlace:

<https://www.cmusanagustin.com/admisiones/>

Realizar a **solicitud da presente bolsa** seguindo os pasos indicados na seguinte ligazón:

[FORMULARIO DE SOLICITUDE](#)

2

No **proceso de admisión da bolsa** solicitarase a seguinte información:

- Nome e apelidos, DNI, lugar de residencia, teléfono e correo electrónico de contacto da persoa solicitante.
- Nome e apelidos da persoa con dano cerebral adquirido, grao de parentesco e nome da entidade da que é socia.
- Carta de motivación (adicional á memoria xeral solicitada na páxina de admisións do CMU San Agustín) que responda ás seguintes preguntas: (i) como cambiou a túa vida e cal é a situación da túa familia tras a aparición do dano cerebral adquirido a nivel persoal, social e económico; (iii) por que deberías ser a persoa beneficiaria da presente bolsa.
- Achegar a seguinte documentación:
 - Resgardo da solicitud da bolsa xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes para o curso 2025/2026
 - Resolución da concesión, se procede, da bolsa xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes para o curso 2024/2025
 - Declaración da Renda (IRPF) do ano 2024
 - Carta de recomendación dun/a profesor/a (opcional)

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES SERÁ DO 28 DE ABRIL DE 2025 AO 22 DE XUÑO DE 2025



6. PROCESO DE SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Recibidas todas as solicitudes, o comité de selección, composto por tres persoas, onde estarán incorporadas cando menos unha persoa responsable de Danos Cerebrais Galicia e unha persoa responsable do Colexio Maior San Agustín, avaliarán as candidaturas en dúas fases:

FASE 1: PRESELECCIÓN

Seleccionaranse as solicitudes que **cumpran os requisitos** indicados no punto 3 da presente convocatoria. Destas, seleccionaranse un máximo de 15 candidaturas atendendo aos seguintes **criterios**:

1

- **Condicións socioeconómicas** da familia
- **Cartas de motivación** presentadas (a do proceso de selección do CMU San Agustín e a adicional enviada a Danos Cerebrais Galicia na solicitude da bolsa)
- **Expediente académico**

FASE 2: ENTREVISTA PERSOAL

As persoas que superen a *Fase 1. Preselección* serán convocadas a unha **entrevista persoal presencial** na sede de Danos Cerebrais Galicia. Nesta entrevista valorarase a situación socioeconómica da familia, a motivación do alumnado por obter a bolsa e o interese co modelo educativo do Colexio Maior San Agustín. Así mesmo, deberase aportar toda a **documentación xustificativa** que sexa requirida por Danos Cerebrais Galicia.

2



7. COMPROMISOS

Ao aceptar a bolsa asúmense os seguintes compromisos:

- Matricularse no 1º curso dun Grao Oficial da Universidade de Santiago de Compostela e cumprir coas obrigas académicas (asistencia a clases, superación de exames, etc.).
- Obter a bolsa de estudos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e ingresala ao Colexio Maior San Agustín, ata cubrir o 50% da matrícula.
- En caso de non obter a bolsa ou se esta non é abondo para cubrir o 50% da mensualidade, facer o pagamento correspondente indicado no punto 4 das presentes bases ao Colexio Maior.
- Permanecer durante todo o curso no Colexio Maior San Agustín, cumprir co seu código de conducta e respectar as súas normas de funcionamento.
- Facer o pago da mensualidade no prazo e forma que se determine.
- Achegar, ao inicio do curso académico, unha fianza que garanta o cumprimento das obrigas e responsabilidades establecidas polo Colexio Maior.
- Participar no programa formativo ofertado polo Colexio Maior San Agustín, previo abono do prezo simbólico da matrícula.
- Presentar unha memoria final sobre a estadía no colexio.

8. CONTACTO

Dano Cerebral Galicia

Rúa Galeras, 17, 2º, Oficina 5;15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono: 881 943 148

Correo electrónico: bolsa@danocerebralgalicia.org



Rúa Galeras 17, 2º, Oficina 5
15705 Santiago de Compostela
881 943 148 / 659 177 709



@danocerebralgalicia
danocerebralgalicia.org

